



CIRCULAR INFORMATIVA 10-11-2017

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarles sobre os seguintes temas:

- Desde o pasado 27 de outubro o **colexio non ten conserxe**. Jaime estaba facendo un labor moi necesario de mantemento, limpeza, vixilancia, atención ás familias e coidado do centro educativo, pero foi destinado a outras funcións polo Concello. Desde a ANPA e desde a Dirección do centro foron enviados escritos ao Sr. Alcalde solicitando a reconsideración da decisión pero foi desatendida. O Sr. Alcalde e a Sra. Concelleira de Educación mostraron disposición a manter unha reunión coas familias. Por tal motivo, **convócaselles a unha reunión** no salón de actos do colexio para o próximo xoves, **16-11-17, ás 19:00 h.**
Prégase a asistencia pois bríndasenos a posibilidade de recibir explicacións e transmitir directamente ao Equipo de Goberno Municipal as inquietudes e necesidades da comunidade educativa da que todos e todas formamos parte.
- Lembrarlles, unha vez máis, que a **entrada de vehículos** aos aparcadoiros do centro (arriba e abaixo) está **reservada ao persoal autorizado** (bus escolar, traballadores do centro, persoal de reparto e familias de alumnado con mobilidade reducida). Temos solicitado ao Concello o acondicionamento dun espazo próximo ao colexio como aparcadoiro e o control das entradas e saídas por parte da policía local.
Todos debemos colaborar para evitar situacións de perigo coincidindo co horario de máis afluencia de persoas no centro.
- Tras un mes de inactividade, **continúan as obras do comedor**. Queda por confirmar se estarán rematadas en decembro de 2017.
- Solicitamos a participación en "Aliméntate ben" (reparto de froita fresca) que está pendente de aprobación. Informaremos cando iniciemos o plan.

Un saúdo

A DIRECCIÓN